



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e seis de maio de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trece de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201500000000272 de dona M^a Carmen C. Fernández Castro.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Barcelona, solicita licenza para obras de rehabilitación e substitución de cuberta en vivenda unifamiliar, situada en Viñogrande – San Andrés de Illobre (Expediente núm.: 2015/U008/000002), en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1) no vixente PXOM, de acordo co proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Santiago Rodríguez Alcalá, cun orzamento de 5.248,36 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002100900NH43G.

Dáse conta da autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Levaranse a cabo de acordo co proxecto presentado.

2º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento catro euros con noventa e sete céntimos (#104,97#).

2.2.- Instancia núm. 201400000001618 de don Juan García Trigo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente en revestir dúas das fachadas con morteiro monocapa, de aproximadamente 107 m² de superficie, e a parede exterior do galpón existente que dá a un vial (Expediente núm.: 2014/U009/000067), situados en Tomonde, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural . As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002306800NH43F.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- As fachadas da vivenda deberán ser enfusadas e pintadas en cor da gama dos brancos, e o galpón poderá ser encintado con xunta refundida debendo utilizar morteiro bastardo. Ademais, en cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e sete euros con cincuenta e tres céntimos(#57,53#).

2.3.- Comunicación previa de dona M^a. Carmen Barros Mera. (Expediente 2015/U017/000021).

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000021 de comunicación previa presentada por dona M^a del Carmen Barros Mera para rehabilitación de vivenda, consistente na reparación do tellado, situada na Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo nº 30 -Vedra, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos dous euros con dez céntimos (#302,10#).

2.4.- Comunicación previa de don Manuel Baamonde Blanco. (Expediente 2015/U017/000022)

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000022 de comunicación previa presentada por don Manuel Baamonde Blanco para rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 83 m² en planta, consistente en cambiar a tella existente, situada en Ortigueira nº 3 -Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución dun ano.



A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e dous euros con vinte e dous céntimos (#62,22#).

3º.- Comunicacions previas cambio titularidade licenzas de actividades.

3.1.- Instancia núm. 438/15 de AZIRO, SC.

Dáse conta da comunicación previa presentada por AZIRO, SC, representada por dona Noelia Antelo Romero de cambio de titularidade de licenza de *Hospedaxe* denominada comercialmente *Motel El Bosque* emprazada en Vilar -San Pedro de Vilanova, sobre da parcela con referencia catastral 000501400NH43E. Expte. número 2015/U016/000023.

A Xunta de Goberno, tendo en conta que, segundo o manifestado na comunicación previa presentada, esta transmisión non implica unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigo do establecemento, toma coñecemento da mesma e do novo titular.

Dáse conta tamén do ingreso das taxas correspondentes na tesourería municipal.

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da obra de Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla do PAI 2015.

Por Resolución da Alcaldía núm. 166/15, de data 15 de abril, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra consistente no *Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla (Código 15.3290.0099.0)*, incluída no *Plan Provincial de aforro e investimentos (PAI 2015)*.

Á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 151.1 e 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por Resolución da Alcaldía núm. 217/15, de data 13 de maio, acordouse clasificar as ofertas presentadas e requirir a Martínez Montes e Hijos, S.L, como candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presentase a documentación preceptiva.

Dado que o citado licitador presentou en prazo a documentación requirida, de acordo co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do citado Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro- Adxudicarlle á empresa Martínez Montes e Hijos, S.L con NIF B-15025372 e domicilio social en Rúa da Lagoa, 6- Lucí (15883) Teo, o contrato de obras consistente en *Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla (Código 15.3290.0099.0)*, mediante procedemento negociado sen publicidade, no prezo de corenta mil catrocentos (#40.400,00#) euros máis oito mil catrocentos oitenta e catro euros (#8.484,00#) de IVE, que supón unha baixa de dez mil oitocentos cincuenta e un euros con tres céntimos (#10.851,03#) sobre do tipo.

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 453-61900 do orzamento de gastos.

Terceiro- Notificarlle a adxudicación a todos os licitadores e citar a Martínez Montes e Hijos, S.L, adxudicataria do contrato, para a formalización do mesmo. Simultaneamente publicárase no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Cuarto.- Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral.

Quinto.- Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Sexto.- Designar como director da obra á técnica dona Clara Lema Rodríguez.

5º.- Certificacións de obras.

5.1.- Certificación única da obra de *Creación e mellora de infraestruturas de uso público: dous parques destinados á infancia en Vedra*.

Dáse conta da certificación única da obra de *Creación e mellora de infraestruturas de uso público: dous parques destinados á infancia en Vedra*, financiada parcialmente pola Deputación Provincial dentro da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica durante o ano 2015 (Expediente 2014990004895), e da factura nº 8 da empresa adxudicataria das obras, Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, S.L, por importe de vinte e oito mil seiscientos setenta e seis euros con setenta céntimos (#28.676,70#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura .

6º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares para a obra de Reforma da sala de caldeiras da Casa do Concello (caldeira biomasa).

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación da obra de Reforma da sala de caldeiras da Casa do Concello (caldeira biomasa), mediante procedemento negociado sen publicidade.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego.

7º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/ Acredor	Descrición
150000177	30/04/2015	141,70	Droguería- Ferretería El Sol, SL	Produtos de limpeza e materiais para arranxo da fonte de Socastro subministrados no mes de abril
150000179	30/04/2015	152,63	Droguería- Ferretería El Sol, SL	Materiais e produtos subministrados en abril para <i>Feiravedra 2015</i>
150000178	30/04/2015	85,35	Droguería- Ferretería El Sol, SL	Materiais para o campo de fútbol de San Mamede subministrados en abril
150000176	30/04/2015	53,99	Droguería- Ferretería El Sol,	Materiais para reparar portas e lámpadas e fluorescentes para as



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			SL	dependencias da casa consistorial servidos en abril
15-00335	30/04/2015	115,50	Sapa- Contenedores y Servicios, SL	Servizo mínimo de contedor de pneumáticos no punto limpo mes abril (sen movemento)
15-00366	30/04/2015	1.076,00	Sapa- Contenedores y Servicios, SL	Servizo de contedores de escombros, plástico e madeira no punto limpo mes abril (con movemento)
502565	04/05/2015	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2015 a marzo/2016 mes de maio
363	30/04/2015	121,00	La Voz de Galicia, S.A.	Concerto de publicidade en La Voz de Galicia dixital no mes de abril
2015/1150	30/04/2015	8.078,53	Sogama S. A.	Tratamento de residuos urbanos mes abril
045500000 715FAC	01/05/2015	9.943,47	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio para a dependencia mes abril (horas ordinarias e festivas)
045500000 815FAC	01/05/2015	2.198,98	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio durante o mes de abril (libre concorrência)
C1/151159	06/05/2015	254,13	Remuñan y Amigo, CB	Minuta por rexistro notarial de compravenda de terreos para EDAR - San Mamede de Ribadulla
150102585 8	04/05/2015	221,55	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes maio
990042564 2843	14/05/2015	100,00	Ministerio Industria, Energía y Turismo	Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico ano 2015
A00027658	30/04/2015	12,26	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	Servizo de transportes prestado o día 13/04/2015 dende o Concello á OCE en Coruña (envío reclamación ao censo electoral)
1914	08/05/2015	20,00	Acredores diversos	Ticket de Bricomart por materiais para os cursos de formación e emprego
331	18/02/2015	291,61	Segade Martínez José Manuel	Subministro e instalación de 2 taboleiros de protección para a caixa da nova furgoneta de obras
337	04/05/2015	2.968,13	Segade Martínez José Manuel	Traballos de carpintería en portas, rodapés, ventás, etc. no local sociocultural (antiga escola) de Ponte Ulla
V1500295	30/04/2015	600,00	Servinor Prevención, S.L.	Concerto de prevención e vixilancia da saúde de 20 empregados municipais que asistiron ao recoñecemento médico do ano 2015
432015010 1339	20/04/2015	1.366,52	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga do primeiro trimestre de 2015 (contador do Pico Sacro)
432015010	20/04/2015	127,77	Espina & Delfin,	Subministro de auga do primeiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1531			SL	trimestre de 2015 (contador da marxe dereita da N-525)
432015010 1532	20/04/2015	27,21	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga do primeiro trimestre de 2015 (contador da marxe esquerda da N-525)
A-155	13/05/2015	121,00	Servides-J.C. Barreiro García	Servizos de desratización, desinfección e desinsectación prestados no CEIP de Santa Cruz en maio
99001997	29/04/2015	155,82	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa mes abril
15/000060	30/04/2015	141,21	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxo de marquesiña en Gándara e para a obra da fonte de Xián subministrados en abril
15/000061	30/04/2015	227,48	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras na vía pública en Argunte e Neira e para os soportes de contedores do lixo subministrados en abril
15/000062	30/04/2015	190,27	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras da brigada en Xián, na vía pública e na fonte, subministrados en abril
15/000063	30/04/2015	61,83	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para a brigada de obras e chave de estrela para o servizo de mantemento subministrados en abril
15/000064	30/04/2015	345,58	M.C. Mapoca, S.L.	Cemento e outros materiais subministrados en abril para colocación dos paneis informativos municipais
TA4ZJ0008 419	19/05/2015	23,09	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de Servizos Sociais municipais (cotas de maio e consumo de abril)
2015/037	11/05/2015	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de maio (núm. 188)
2015/040	18/05/2015	295,24	Xestedec Comunicación	Deseño e impresión de catro plotters para a campaña "As nosas palabras" para a promoción do galego
35 3515	29/04/2015	1.137,29	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en abril na nave de Trobe
15A000521	12/05/2015	406,56	J.J. Chicolino, S.L.U.	Rede de protección para o campo de fútbol de Santa Cruz subministrada en maio
102363	15/05/2015	194,57	Hierros Diego, S.L.	Materiais subministrados en maio para a fabricación de reixas para as vías públicas municipais
C7-15	30/04/2015	709,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de abril e recollida de 3 animais durante este período
P502891	20/05/2015	250,00	Editorial	Concerto de publicidade de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			Compostela, SA	abril/2015 a marzo/2016 mes abril
33/2015	20/05/2015	1.000,00	Asociación Terras de Compostela	Cota de socio do concello de Vedra correspondente ao ano 2015
CI0777703 165	15/05/2015	1.405,06	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía fixa e móbil durante o período do 15/04/2015 ao 14/05/2015
15/000091	13/05/2015	641,30	Maquicar Maquinaria, SL	Subministro dunha pinza porta paletas regulable para o novo vehículo 8189JCG da brigada de obras
A/131	30/04/2015	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes abril
A/139	30/04/2015	3.782,07	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Traballos de reforzo de limpeza e conservación de espazos naturais municipais (rutas sendeirismo) durante os meses de marzo e abril
40/2015	14/05/2015	1.904,06	Construcciones Carlos Junquera y Otra, S.C.	Traballos de pintado interior de locais, selado de filtracións e outros no edificio sociocultural (antiga escola) de Ponte Ulla
41/2015	14/05/2015	2.321,95	Construcciones Carlos Junquera y Otra, S.C.	Traballos de adaptación de beirarrúas de Castro-Ponte Ulla para os discapacitados e reparación de zonas en mal estado
Liquidación D0303686	26/05/2015	216,80	DOG	Taxas publicación anuncio plan especial Fonte de Meire a repercutirle ao promotor do expediente
Liquidación		268,13	Membros da Mesa de Contratación do Concello de Vedra	Indemnización polas reunións mantidas o días 30/04/2015 e 13/05/2015, para a tramitación do procedemento de contratación da obra <i>Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla</i> (incluída no PAI 2015)
Liquidación		348,75	Piñeiro Caldelas M ^a Jesús	Quilometraxe correspondente ás xestións oficiais municipais realizadas no período do 25/03/2015 ao 25/05/2015
Liquidación		28,50	Sanmartín Carrera Carlos J.	Quilometraxe por xestións de tesourería realizadas durante o período do 27/04/2015 ao 20/05/2015
Liquidación		33,50	Vilas Giadanes M ^a Cruz	Quilometraxe por xestións realizadas no período do 05/05/2015 ao 16/05/2015 (curso fitosanitarios, UP+ e oficina de emprego Santiago)
Liquidación		41,50	Lema Rodríguez Clara	Quilometraxe dos meses de abril e maio
Liquidación		152,00	Munín Castelao José I.	Quilometraxe polos desprazamentos dos meses de marzo e abril

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería - Ferretaría El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.



8º.- Outros asuntos

8.1.- Comunicación núm. 657/15 da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Dáse conta da citada comunicación da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior relativa á concesión, ao abeiro da Orde do 28 de xaneiro de 2015 (DOG nº 20/15, do 30 de xaneiro) dun remolque de emerxencias para ser destinado a misións de protección civil e emerxencias.

A Xunta de Goberno acorda aceptar o citado equipamento e demais condicións .

8.2.- Adxudicación xestión mantemento e socorrismo da piscina municipal verán 2015.

Dáse conta da proposta presentada por Grupo Acofide, S.C, para a xestión da piscina municipal nesta tempada de verán (do 13 de xuño ao 31 de agosto), que inclúe os seguintes servizos: limpeza inicial da piscina e instalacións; mantemento da mesma (limpeza, produtos para o tratamento da auga e control dos parámetros esixidos, análíticas mensuais da auga, control de entradas, servizo de cafetería, ...etc) así como a dotación do persoal (un socorrista técnico en primeiros auxilios con titulación suficiente; un recepcionista para control de acceso á piscina e atención de cafetería e un técnico en mantemento para controlar o adecuado funcionamento e solucionar na medida que lle competa á empresa problemas que puidesen xurdir no vaso, sala de máquinas ou resto de instalacións).

Ademais oferta como melloras un monitor durante 2 días/semana ata un máximo de 3 horas/día para impartir cursos de natación.

O presuposto ofertado ascende á cantidade de oito mil catrocentos corenta euros (#8.440,00#) máis IVE (#1.772,40#), a pagar en tres mensualidades de tres mil catrocentos catro euros con trece céntimos (#3.404,13#).

A Xunta de Goberno, de conformidade co establecido nos artigos 111, 138.3 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2001, do 14 de novembro, acorda:

Primeiro.- Levar a cabo o servizo de xestión e socorrismo da piscina municipal durante a tempada de verán do 2014, mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Grupo Acofide, S.C, con CIF J70026604 e domicilio social en Nande, 22 -San Fins de Sales, por un importe de oito mil catrocentos corenta euros (#8.440,00#) máis IVE (#1.772,40#).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente á prestación do citado servizo con cargo á partida 341-227 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adxudicatario no prazo de dez días.

8.3.- Solicitud núm. 628/15 da Asociación Xuvenil de Trobe A Dorna.

Dáse conta da citada instancia na que don Juan Manuel Méndez Cernadas, en calidade de representante da Asociación Xuvenil de Trobe A Dorna, expón que o vindeiro domingo 31 de maio celebrarase a IX Día da Bicicleta, solicitando unha axuda para a adquisición de camisetas.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos cincuenta (#350,00#) euros.



8.4.- Aprobación, se procede, dos modelos de declaración sobre bens e dereitos patrimoniais dos representantes locais.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os modelos de declaración sobre causas de incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, así como sobre bens e dereitos patrimoniais, a presentar polos representantes locais antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.